



En apoio a Dionisio Pereira

A Asociación Memoria Histórica do 36 de Pontearreas quere manifestar o seu apoio ao historiador Dionisio Pereira diante da demanda de conciliación que se verá o día 15 de febreiro de 2007 interposta pola familia do antigo alcalde de Cerdedo e xefe local de Falanxe nos días posteriores ao golpe militar de 1936, Manuel Gutiérrez Torres. Dionisio Pereira sinala no seu libro *A II República e a Represión franquista no concello de Cerdedo*, editado o ano pasado pola asociación Verbo Xido, a participación en diversas manifestacións da represión dos irmáns Gutiérrez Torres, Manuel, Ángel e Luis e sustenta dita afirmación en fontes orais, unha das técnicas habituais no traballo dos investigadores historiográficos. A reconstrución científica do pasado é un saber que se adecúa a certos métodos, sen renunciar a unha

perspectiva ideolóxica ou moral na exposición dese pasado. Os investigadores presentan unha determinada visión do mundo a partir da valoración que realizan de experiencias alleas dentro dun marco científico libre e cun fundamento metodolóxico claro. A historia non se pode construír só con feitos incuestionábeis, xa que limitaría o campo de acción da historiografía como ciencia social. Os historiadores, como Dionisio Pereira, valoran cales son as causas que explican os feitos históricos e propoñen a súa interpretación, aínda que estas explicacións e interpretacións sexan en ocasións incompatíbeis con outras visións. Non corresponde a ningún organismo xudicial decidir cal ou cales deban impoñerse de entre as posibles.

*Ángel Rodríguez Gallardo,
presidente da Asociación pola Memoria Histórica do 36 de Pontearreas*

Verbo xido, Dionisio, verbo xido

Barallete afiadador, latín dos chafoutas, fala dos cabaqueiros, xerga de cesteiros... segredos de xentes que tiveron que bater o zoco polo mundo adiante. Sei-ca no verbo dos arxinas, xerga gremial dos canteiros-proletarios da Terra de Montes, "verbo xido" vén sendo algo así como "palabra boa, bonita" e tamén o saúdo entre os iniciados.

Verbo Xido é unha activa entidade cultural que tanto promove o Centro Etnográfico de Terra de Montes como publica traballos ou realiza homenaxes, como o que no agosto incendiado recuperou a memoria dos canteiros e cenetistas Francisco Arca e Secundino Bugallo, torturados e asasinados nunha cuneta de Pedre.

Mais tamén desenvolve Dionisio unha actividade permanente no estudo do movemento

anarquista, da represión franquista ou da cultura marítima tradicional. Xuntando os seus moitos saberes ideou o Barco da Memoria que preñou de verdade histórica os portos do país.

Agora quéreno calar. Non se trata só de dúas familias ofendidas por unha sutil "suposición" referida aos seus antepasados, senón da calculada pretensión de prolongar o silencio das escasas testemuñas orais, únicas fontes cando falamos de paseos; de intimidar aos investigadores mozos; de que os arquivos sigan descoñecidos e a verdade esquecida. O irrespirable ambiente de liorta político-mediática permanente achega o decorado preciso.

Dionisio, ben sabes que moitos de nós estamos contigo, simplemente porque ti es nós.

*Carlos Méixome,
director do Instituto de Estudos Miñoranos*

A PENEIRA en apoiu a Dionisio Pereira

Tanto a Dirección como o equipo de redacción do xornal A PENEIRA quere expresarlle ao historiador Dionisio Pereira o seu férreo apoio polo que, ao noso entender, é un acto claro contra a liberdade de expresión, concepto que foi parello á nosa liña editorial dende o noso nacemento hai xa 23 anos. Consideramos que Pereira exerceu o seu traballo como historiador que non é outro que darnos a coñecer o noso pasado utilizando coma única guía da súa investigación a procura da verdade e, neste caso en concreto da xustiza. Forza.